



A Consellería do Medio Rural e do Mar establece distintas liñas de colaboración para a promoción e divulgación de asuntos de interese para a cidadanía. Estas colaboracións desenvólvense en distintos soportes publicitarios entre os que se atopan os espazos que os medios de comunicación destinan a tal fin.

Os medios de comunicación son instrumentos empregados pola sociedade contemporánea para informar e comunicar mensaxes en versión textual, sonora, visual, audiovisual e/ou dixital. Normalmente, adóitanse empregar para a emisión de mensaxes con carácter masivo, como é o caso dos medios xeneralistas, ou para transmitir información a grupos sociais de carácter máis reducido, como os medios locais.

Un medio de comunicación é unha empresa na que teñen cabida este tipo de mensaxes e que está convenientemente identificada, rexistrada e declarada como tal. Non se pode considerar medio de comunicación calquera emisora ou frecuencia que emite sen permiso nin calquera soporte electrónico (bitácora, blog, web) de carácter persoal non xestionada por profesionais nin ningunha publicación impresa que careza dos preceptivos requisitos legais que permiten consideralo como tal.

Entendemos que a web de Pladesemapesga non é un medio de comunicación convencional senón unha plataforma dixital (web) que carece de calquera tipo de rexistro ou auditoría (Estudio General de Medios ou informe da Oficina de Justificación de la Difusión). É imposible que calquera web con características coma as de ese soporte poida ter a consideración de medio de comunicación.

Tendo en conta o anteriormente exposto, non pode ser sequera tida en consideración como medio de comunicación polo que resulta absurdo que se plantexe por parte do responsable do dominio web calquera tipo de prexuízo económico ou agravio comparativo respecto de soportes ou medios de comunicación legais, profesionais, consolidados, convenientemente acreditados e rexistrados.

20 OUT. 2014

Pastora Charlín

Xefa de prensa da Consellería do Medio Rural e do Mar



CONFORME

Xefa do Gabinete de Prensa
Pastora Charlín González



FEDER
FSE
FEP

"Investimos na Pesca Sustentable"